

PACs: ASÍ NON!

CIG-Saúde NON asina o acordo do SERGAS

A proposta sae adiante, *sen escoitar ás traballadoras concentradas na porta da Consellería*, co apoio de CSIF, CCOO e UGT, e co voto en contra da CIG-Saúde.

Na mesa sectorial do 15 de abril, **CIG-Saúde decidiu NON asinar** o acordo de mellora das condicións laborais e retributivas das profesionais dos PACs proposto polo SERGAS.

QUE ESTÁ A PASAR

CIG-Saúde mantén o seu rexeitamento á publicación do decreto que modifica o horario dos PACs, **unha medida imposta que empeora as condicións laborais**.



QUE DEFENDE CIG-Saúde

- **Retirada do decreto.**
- Retribución do complemento de festividade para todas as categorías nas quendas de sábado.
- Pago dos complementos de quenda rotatoria complexa e atención urxente para todas as categorías.
- Retribución da xornada complementaria incentivada desde a primeira hora realizada para todas as categorías.
- Actualización da xornada complementaria de enfermería.
- NON supeditar a creación de prazas a dispoñibilidade de profesionais.



PACs: ASÍ NON!

QUE OFRECE O SERGAS

Un **programa especial** por realizar **quendas de 24 horas** o sábado cunha cantidade irrisoria que non responde ás demandas do persoal.



- Non cobraría todo o persoal (queda fóra quen traballe o sábado menos de 24h).
- Pode ser modificado en calquera momento, xa que non se incorpora na orde de confección de nóminas.
- Pode ser eliminado se hai profesionais dispoñibles por voluntariedade.

A REALIDADE



- **Non responde ás demandas reais do persoal.**
- **Ignora meses de mobilizacións.**
- **Non supón melloras efectivas nas condicións laborais.**

NON É UNHA MELLORA → É UN PARCHE
NON É UN ACORDO → É UNHA IMPOSICIÓN



**CIG-Saúde seguirá defendendo os
dereitos do persoal dos PACs.**

Mobilízate coa CIG-Saúde

